



## **Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade pola que se define a clasificación económica dos gastos dos capítulos II, III, IV, V e VI do orzamento de gastos da Universidade da Coruña e se establecen os criterios que se seguirán para a súa imputación**

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en diante, LOU), recoñece a autonomía das universidades. Un dos ámbitos desta autonomía é o da elaboración, aprobación e xestión dos seus orzamentos.

En materia orzamentaria, para determinar a clasificación económica dos gastos, a Universidade da Coruña (en diante, UDC) utiliza desde a súa creación os criterios establecidos pola Administración xeral do Estado e pola Xunta de Galicia. Con todo, as características propias da nosa universidade fan necesario contar cunha norma que defina a clasificación económica dos ingresos e gastos que realiza e os criterios para a imputación destes, atendendo ás condicións fixadas nesta materia para o sector público. Por esta razón, o pasado mes de febreiro constituíuse un grupo de traballo para definir os códigos e criterios da clasificación económica para o orzamento de ingresos e gastos da UDC.

De acordo co establecido pola LOU, a estrutura do orzamento das universidades, o seu sistema contable e os documentos das súas contas anuais deberán adaptarse ás normas que con carácter xeral se establecen para o sector público. Así, para determinar esta estrutura económica tívose como referencia a normativa estatal e autonómica na materia, atendendo as circunstancias propias da UDC.

Neste momento o grupo de traballo rematou coa clasificación económica dos gastos que se inclúen nos capítulos II, III, IV, V e VI. A partir do mes de setembro retomaranse os traballos e abordaranse a clasificación económica de ingresos e os capítulos I, VII, VIII e IX do orzamento de gastos.

A elaboración neste mes de xullo do proxecto de orzamentos para o ano 2018 fai necesario ditar unha resolución que permita aplicar os criterios xa establecidos para o orzamento de gastos dos capítulos II, III, IV, V e VI, e contar así, nestes capítulos, con criterios homoxéneos para definir as distintas clases de gastos e os requisitos para a súa imputación no capítulo, artigo, concepto e subconcepto que corresponda.

Por medio desta resolución procédese a establecer a clasificación económica dos gastos nos mencionados capítulos e os criterios para a súa imputación, co obxecto de que os centros de gasto dispoñan da información que lles permita plasmar os novos criterios no orzamento de 2018.

Por todo o exposto e consonte as atribucións que recollen os artigos 3 e 9 da Resolución reitoral do 12 de xaneiro 2016, que establecen respectivamente as competencias da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade,

### **RESÓLVESE:**

1. Establecer os códigos que definen a clasificación económica dos gastos nos seguintes capítulos:
  - a) Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos
  - b) Capítulo III. Gastos financeiros
  - c) Capítulo IV. Transferencias correntes
  - d) Capítulo V. Fondo de continxencia
  - e) Capítulo VI. Investimentos reais
2. Definir nos capítulos indicados os artigos, conceptos e subconceptos da estrutura orzamentaria da UDC, así como os criterios para imputar as distintas clases de gastos, no anexo I que se incorpora a esta resolución.
3. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC.



Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no TEO da UDC.

A Coruña, 17 de xullo de 2017

O xerente

O vicerreitor de Economía,  
Infraestruturas e Sustentabilidade

Ramón del Valle López

Domingo Calvo Dopico



## Anexo I

Clasificación económica dos capítulos II, III, IV, V e VI do orzamento de gastos da UDC e criterios que se seguirán para a súa imputación



## Capítulo 2. Gastos en bens correntes e servizos

Este capítulo recolle os recursos destinados a atender os gastos correntes nos bens e servizos necesarios para o desenvolvemento das actividades propias da UDC que non impliquen un aumento do seu capital ou do seu patrimonio. Son imputables a este capítulo aqueles desembolsos motivados pola adquisición de bens que reúnan algunhas das seguintes características:

- a) Ser funxibles.
- b) Ter unha duración previsible inferior ao exercicio orzamentario.
- c) Non ser susceptibles de inclusión en inventario.
- d) Ser gastos previsiblemente reiterativos.

Ademais, imputaranse a este capítulo os gastos en bens de carácter inmaterial que poidan ter carácter reiterativo, non sexan susceptibles de amortización nin estean relacionados directamente coa realización de investimentos.

En todo caso, a efectos da imputación de gastos, será determinante o criterio establecido pola normativa da UDC en materia de inventario (Instrución para a xestión do inventario de 2/8/2006. Apartado 2.1. "material inventariable"), que establece o seguinte:

*Incluíranse no inventario os bens non funxibles que reúnan as seguintes características:*

- *Que se lles calcule unha vida útil superior ao exercicio orzamentario e sexan amortizables.*
- *Que teñan un custo unitario igual ou superior a 300 €.*

Non poderán imputarse aos créditos deste capítulo os gastos destinados a satisfacer calquera tipo de retribución en concepto de servizos prestados ou traballos realizados polo persoal que depende da UDC, calquera que for a forma desa dependencia.

Integraranse neste capítulo os gastos vinculados á Escola Internacional de Doutoramento, para o cal se procederá a abrir unha aplicación específica con carácter instrumental para actividades de doutoramento. A vicerreitoría con competencias na materia distribuirá as contías pertinentes para xestionar cada programa de doutoramento entre os centros, e comunicará aos directores dos programas. A imputación dos gastos efectuarase atendendo á súa natureza.

### Artigo 20. Arrendamentos e canons

Gastos polo alugamento de bens mobles e inmobles. Engloban, entre outros, os motivados polo arrendamento de terreos, edificios e locais; o alugamento de equipos informáticos e de transmisión de datos; o alugamento de maquinaria e de material de transporte; e os gastos concertados baixo a modalidade de *leasing*, sempre que non se vaia executar a opción de compra, segundo os criterios que se establecen no capítulo 6. Os pagamentos que correspondan a estes gastos debe satisfacérllelos directamente a UDC aos terceiros correspondentes. Así mesmo, este artigo comprende os gastos de canons.

#### Concepto 200. Arrendamento de terreos e bens naturais

Gastos polo arrendamento de fincas rústicas ou urbanas, aparcadoiros e outros terreos.

#### Concepto 202. Arrendamento de edificios e outras construcións

Gastos de alugamento de edificios en xeral, incluídos os gastos de comunidade, calquera que for o seu destino. Inclúense os edificios destinados á investigación, a docencia e o estudo; administrativos; residencias; refuxios; viveiros; cortellos; locais; deportivos (piscinas, pistas etc.); salas de espectáculos; museos; almacéns e outros locais comerciais. Estes créditos abranguerán igualmente os servizos conexos (calefacción, refrixeración, auga, iluminación, seguros, limpeza etc.), sempre que o recibo de alugamento



que presente a persoa propietaria do ben conteña o seu importe. Así mesmo, este concepto comprende o arrendamento de prazas de garaxe e puntos de amarre de embarcacións.

### **Concepto 203. Arrendamento de maquinaria, instalacións e útiles**

Gastos desta índole en xeral, incluídos os gastos de alugamento dos equipos empregados na conservación e reparación de investimentos.

#### **– Subconcepto 203.00. Maquinaria**

Arrendamento de máquinas con que se realice a extracción, a elaboración ou o tratamento dos produtos que se empregan para a prestación dos servizos necesarios para o desenvolvemento de actividades produtivas por parte da UDC.

#### **– Subconcepto 203.01 Instalación**

Arrendamento do conxunto de elementos necesarios para que os bens sexan aptos para o uso a que se destinan

#### **– Subconcepto 203.02 Utensilios**

Arrendamento de utensilios ou ferramentas que se poidan usar de maneira autónoma ou conxuntamente con maquinaria, incluídos moldes ou modelos, contedores etc.

### **Concepto 204. Arrendamento de elementos de transporte**

Arrendamento de vehículos de todas as clases de uso para o transporte terrestre, marítimo ou aéreo, de persoas, animais ou mercadorías. Non se imputarán a este concepto aqueles gastos que consistan na contratación dun servizo, que corresponden ao concepto 223 (transportes), ou teñan natureza de carácter social, que se imputarán ao concepto 162 (gastos sociais).

Quedan excluídos os transportes complementarios ligados ás comisións de servizos que orixinen desprazamentos, xa que estes se aboarán con cargo ao concepto 231 (gastos de viaxe).

### **Concepto 205. Arrendamento de mobiliario e avíos**

Arrendamento de mobiliario, carpas, material e equipos de oficina, e cota de alugamento de fontes de auga etc., a excepción dos gastos que deban figurar no concepto 206.

### **Concepto 206. Arrendamento de sistemas para procesos de información**

Alugamento de equipos informáticos, ofimáticos, de transmisión de datos e outros especiais, sistemas operativos, aplicacións de xestión de bases de datos e calquera outra clase de equipos informáticos e de software, cando vaian engadidos no equipo que se aluga.

### **Concepto 208. Arrendamento doutro inmovilizado material**

Arrendamento de inmovilizado diverso que non se atope incluído nos conceptos precedentes.

### **Concepto 209. Canons**

#### **– Subconcepto 209.00. Canons**

Cantidades satisfeitas periodicamente pola cesión dun ben ou o uso dunha propiedade industrial e intelectual, así como pola utilización doutros bens de natureza material ou inmaterial.

#### **– Subconcepto 209.01. Licenzas de software**

Cantidades satisfeitas polo uso de licenzas de software, conforme as condicións establecidas entre a persoa propietaria ou titular da licenza e a UDC como usuaria.



– **Subconcepto 209.02. De acceso a sitios web e polo uso de produtos dixitais**

Cantidades satisfeitas polo acceso a sitios web e o rexistro de dominios, así como polas cotas debidas ao almacenamento de datos.

– **Subconcepto 209.16. Desenvolvemento e aloxamento web**

**Artigo 21. Reparacións, mantemento e conservación**

---

Imputaráselle a este artigo os gastos de mantemento, reparación e conservación de infraestruturas, edificios e locais, maquinaria, material de transporte e outro material inmovilizado, segundo os correspondentes conceptos do artigo 20. Comprende gastos como os seguintes:

- a) Gastos de conservación e reparación de inmobles, xa sexan propios ou arrendados.
- b) Tarifas pola vixilancia, a revisión, a conservación e o mantemento de máquinas e instalacións, material de transporte, mobiliario, equipos de oficina etc.
- c) Gastos de mantemento de carácter análogo que motiven os equipos de procesamento e transmisión de datos informáticos e ofimáticos, de instalacións telefónicas e de control de emisións radioelétricas.
- d) Gastos derivados do mantemento ou a reposición dos elementos accesorios nas estradas e instalacións complexas especializadas, liñas de comunicacións etc.

Como norma xeral, as grandes reparacións que supoñan un incremento da produtividade, o rendemento, a eficiencia ou alongamento da vida útil dun ben imputaranse ao capítulo 6, de acordo co informe do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos, segundo a instrución correspondente.

Os gastos derivados do mantemento ou a conservación de calquera elemento para o que haxa subscrito un contrato de prestación de servizos, aínda que o dito mantemento non se atope recollido no dito contrato, imputaranse con cargo ao concepto 227 (traballos realizados por outras empresas e profesionais) ao que se imputen o contrato principal.

Por conceptos efectuarase a seguinte desagregación:

**Concepto 210. Infraestrutura e bens naturais**

Gastos derivados de actuacións puntuais de mantemento ou conservación de bens de uso xeral. Inclúense neste concepto os terreos e bens naturais, aparcadoiros etc.

**Concepto 212. Edificios e outras construcións**

Gastos de reparación, mantemento e conservación de edificios en xeral, calquera que for o seu destino. Abranguen gastos de reparacións de albanaría, pintura, carpintaría e cristalaría, así como os gastos correspondentes aos materiais empregados nas referidas reparacións.

**Concepto 213. Maquinaria, instalacións e utensilios**

– **Subconcepto 213.00. Maquinaria**

Gastos ocasionados pola reparación, o mantemento, a revisión e a conservación de máquinas.

– **Subconcepto 213.01. Instalacións**

Gastos ocasionados pola reparación, o mantemento, a revisión e a conservación das instalacións eléctricas de forza e iluminación; redes telefónicas e de voz e datos; instalacións de calefacción e refrixeración; fontanaría; instalacións contra incendios e sistemas de seguridade.

Para os efectos de imputar os gastos deste concepto, calquera elemento que forme parte da instalación (por exemplo: billas, interruptores, enchufes etc.) serán considerados parte da instalación.



– **Subconcepto 213.02. Utensilios**

Gastos ocasionados pola reparación, o mantemento, a revisión e a conservación de utensilios ou ferramentas que se poidan usar de forma autónoma ou conxuntamente con maquinaria.

A imputación realizarase ao capítulo 2 sempre que non teña carácter inventariable.

**Concepto 214. Elementos de transporte**

Gastos ocasionados pola reparación, o mantemento, a revisión e a conservación de vehículos de todas as clases de uso para transporte terrestre, marítimo ou aéreo, de persoas, animais ou mercadorías. Comprenden os gastos xerados pola reparación e inspección dos vehículos, o lavado de coches etc.

**Concepto 215. Mobiliario e avíos**

Gastos xerados pola reparación de mobiliario, equipos de oficina e material de oficina.

**Concepto 216. Equipos para procesamento da información**

Gastos orixinados pola reparación, o mantemento, a revisión e a conservación de ordenadores e demais conxuntos electrónicos, así como pola actualización ou adaptación de programas informáticos.

**Concepto 218. Material bibliográfico e documental**

**Concepto 219. Outro material inmovilizado**

Aqueloutros gastos que non estean incluídos nos conceptos anteriores.

**Artigo 22. Material, subministracións e outros**

---

Gastos desta natureza, clasificados segundo se recolle nos conceptos que se enumeran a seguir:

**Concepto 220. Material de oficina**

– **Subconcepto 220.00. Material de oficina de uso ordinario non inventariable**

- Gastos ordinarios de material de oficina
- Confección de tarxetas de identificación
- Repostos e accesorios de máquinas de oficina
- Fotocopias
- Gastos de expedición de títulos
- Impresos en xeral

– **Subconcepto 220.01. Prensa, revistas, libros e outras publicacións**

Pagamentos derivados da adquisición de libros, publicacións, manuais, revistas e documentos, en calquera soporte e de uso administrativo. Encadernación de documentación e libros de actas.

Aqueles que se merquen para formar parte dos fondos das bibliotecas incluíranse no capítulo 6.

Inclúense os gastos orixinados polo acceso aos soportes dixitais deste subconcepto, sempre que non estean recollidos no capítulo 6.

– **Subconcepto 220.02. Material informático non inventariable**

Gastos de material para o normal funcionamento de equipos informáticos, ofimáticos, de transmisión e outros, como elementos de gravación en xeral (CD e DVD, por exemplo), tóneres, cartuchos etc.

– **Subconcepto 220.03. Préstamos interbibliotecarios**

Gastos xerados como consecuencia dos servizos correspondentes ao préstamo interbibliotecario.



## Concepto 221. Subministracións

Os gastos de auga, gas, electricidade e outros servizos ou abastecementos, segundo as especificacións contidas nos subconceitos. Inclúe a contratación de empresas externas para a prestación de servizos. No caso dos consumos de auga, enerxía e gas, imputaranse tamén os gastos de alta ou baixa e conexión ou corte da subministración.

### – Subconcepto 221.00. Enerxía eléctrica

Gastos producidos pola subministración de enerxía eléctrica.

### – Subconcepto 221.01. Auga

Gastos derivados da subministración de auga.

### – Subconcepto 221.02. Gases de laboratorio

Gastos ocasionados pola subministración de gases usados na docencia e na investigación. O subconcepto abrangue os gastos dos usados en clínicas, talleres e similares.

### – Subconcepto 221.03. Combustibles, lubricantes e aditivos

- Gastos producidos pola subministración de gasolinas, gasóleos e gases de combustión.
- Gastos en lubricantes, aditivos e produtos análogos usados en vehículos e medios de transporte.

Imputaranse a estes subconceitos os gastos deste tipo, salvo no caso de que se trate de alugamentos e estean comprendidos no prezo dos mesmos.

### – Subconcepto 221.04. Vestiario

Gastos correspondentes ao vestiario, o calzado e outras prendas de dotación obrigada por imposición legal ou regulamentaria, convenio, acordos ou contratos, tanto para o persoal funcionario como para o persoal laboral e outro persoal ao servizo da UDC.

### – Subconcepto 221.05. Equipos de protección individual

Gastos correspondentes aos equipos de protección individual (EPI) que teñan que ser empregados tanto polo persoal funcionario como polo persoal laboral e outro persoal ao servizo da UDC, por cuestións relativas ao mantemento da seguridade e a saúde no traballo. Por exemplo: gafas de protección, tapóns para os oídos, máscaras, cascos, calzado de seguridade etc.

### – Subconcepto 221.06. Produtos farmacéuticos e material sanitario

- Compras de produtos de asistencia sanitaria, agás os que ditamine a normativa de prevención de riscos laborais, que se imputarán ao subconcepto 221.05 (equipos de protección individual).
- Material sanitario consumible, luvas desbotables, caixas de primeiros auxilios (segundo a normativa vixente), sempre que non sexan utilizados en prácticas docentes.

### – Subconcepto 221.07. Material docente

Gastos derivados da adquisición de material de laboratorio para uso docente, tal como reactivos, probetas, mostras etc.

### – Subconcepto 221.08. Material deportivo e cultural

- Gastos en roupa e calzado deportivo, equipamento deportivo, trofeos e outros materiais e subministracións que non sexan imputables aos conceptos de acción social do persoal ao servizo da UDC, e tampouco teñan a consideración de material docente.
- Gastos derivados da adquisición de material diverso para as actividades culturais de promoción e as aulas de cultura dos centros da UDC.





– **Subconcepto 221.09. Labores da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre**

Impresos e todo tipo de traballos e servizos realizados pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.

– **Subconcepto 221.10. Material para reparacións de edificios e outras construcións**

Gastos de adquisición dos materiais necesarios para que o persoal propio da UDC efectúe as reparacións. Por exemplo: pintura e material de fontanaría, pechaduras, chaves, rótulos e escudos, placas de falso teito etc.

– **Subconcepto 221.11. Subministración de repostos de maquinaria, ferramentas e elementos de transporte**

- Gastos orixinados pola adquisición dos materiais necesarios para que o persoal propio da UDC efectúe as reparacións. Inclúe os repostos de vehículos, tales como baterías, pneumáticos, ferramentas e utensilios, así como tamén a adquisición de recambios e material específico, ademais de adhesivos para a rotulación de vehículos uniformados e placas de matrícula.
- Repostos de máquinas de talleres, laboratorios etc.
- Material de ferraxaría e ferramentas.

– **Subconcepto 221.12. Subministración de material electrónico, eléctrico, de comunicacións e audiovisual**

- Gastos de adquisición dos materiais necesarios para que o persoal propio da UDC efectúe as reparacións. Repostos e subministracións relacionados coas telecomunicacións: equipos de radio, centrais, telex, impresos, cristais de cuarzo, material telefónico, material complementario para a instalación de radioantenas, compoñentes, repostos de gravadoras, baterías, bobinas, gravadoras e material funxible para o mantemento das redes de telefonía.
- Repostos de equipos de iluminación.
- Repostos optrónicos.
- Ferramentas e repostos para a reparación de aparellos de teléfono, radioteléfono, télex e telefax.
- Material eléctrico para a rede de datos, seguridade etc.
- Adquisición de material fotográfico e audiovisual, alén de material de microfilmación.

– **Subconcepto 221.15. Subministracións no exterior**

Inclúense neste subconcepto todos os gastos relativos ao concepto cando correspondan aos servizos e representacións da UDC no exterior.

– **Subconcepto 221.99. Outras subministracións**

- Gastos de comunidade dos edificios propiedade da UDC, así como cotas de participación en edificios de servizos múltiples.
- Plantas, ornamentos e bandeiras institucionais; artigos de limpeza e tinturaría; pequeno material necesario para actuacións de emerxencia, estacas, bengalas etc.; insecticidas e raticidas; material cartográfico.
- Compra de material diverso de consumo e reposición que non aparece reflectido nos subconceptos anteriores.



### **Concepto 222. Comunicaci3ns**

Abrangue a contrataci3n de empresas externas para a prestaci3n de servizos telef3nicos, postais e telegr3ficos, ou doutro tipo de comunicaci3n, clasificados nos seguintes subconceitos:

– **Subconcepto 222.00. Servizos de telecomunicaci3ns**

Gastos de telefonía fixa e m3bil, t3lex, telefax e comunicaci3ns inform3ticas, así como os de alta ou conexi3n ao servizo.

– **Subconcepto 222.01. Postais e mensaxaría**

Gastos correspondentes a selos, franqueos, apartados de correos, paquetería postal e prestaci3n de servizos postais, ag3s que correspondan á prestaci3n de servizos realizados con outras empresas, en cuxo caso se imputar3n ao subconcepto 227.03 (paquetería, mensaxaría). Inclúense os convenios de adhesi3n para a prestaci3n de servizos postais.

– **Subconcepto 222.15. Comunicaci3ns no exterior**

Inclúense todos os gastos recollidos neste concepto levados a cabo no exterior.

– **Subconcepto 222.99. Outros**

Engl3banse os gastos relativos á contrataci3n de fío musical e outros gastos en concepto de comunicaci3n que non correspondan aos subconceitos anteriores.

### **Concepto 223. Transportes**

Gastos de transporte de todo tipo que teñan que pagársele a calquera entidade p3blica ou privada polos servizos prestados, ag3s os que por ter natureza de gastos sociais deban imputarse ao capítulo 1.

Quedan excluídos os transportes complementarios ligados ás comisi3ns de servizos que orixinen desprazamentos, xa que estes ir3n con cargo ao concepto 231 (gastos de viaxe). Exclúense igualmente os gastos de paquetería (mensaxaría).

### **Concepto 224. Primas de seguros**

Gastos orixinados pola contrataci3n de seguros de vehículos, edificios e locais, outro inmovilizado e outros riscos, ag3s os seguros colectivos de vida, accidente ou responsabilidade civil, que estar3n incluídos no capítulo 1.

As primas dos seguros de asistencia sanitaria e outras coberturas de accidentes correspondentes aos bolseiros poder3n imputarse ao concepto oportuno do capítulo 4 (transferencias correntes).

### **Concepto 225. Tributos**

Aboamentos destinados á cobertura de taxas, contribuci3ns e impostos de tipo estatal, auton3mico ou local.

– **Subconcepto 225.00. Estatais**

– **Subconcepto 225.01. Auton3micos**

– **Subconcepto 225.02. Locais**

– **Subconcepto 225.99. Outros tributos**

### **Concepto 226. Gastos diversos**

Gastos de natureza corrente que non teñen cabida noutros conceptos do capítulo 2.



– **Subconcepto 226.00. Gastos de funcionamento**

Este subconcepto ten carácter instrumental, polo que non poderá imputárselle ningún gasto directamente. Estará vinculado a un código orgánico específico (departamento, instituto universitario, Servizo de Normalización Lingüística, Escola Internacional de Doutoramento etc.), e será necesario redistribuír o crédito de acordo coa natureza do gasto.

– **Subconcepto 226.00.99. Compensación de créditos de gastos correntes**

Anulacións e compensacións de créditos de gastos correntes por diferentes motivos.

Recollerá os créditos de todos os capítulos de gastos correntes (I, II, III e IV).

– **Subconcepto 226.01. Atencións representativas e protocolarias**

Gastos que sexan consecuencia de actos de representación de carácter individual que as autoridades da UDC deban levar a cabo no desempeño das súas funcións, tanto en territorio nacional como no estranxeiro, sempre que os ditos gastos redunden nun beneficio ou unha utilidade para a UDC. Por exemplo, comidas, obsequios específicos para persoas alleas á UDC etc.

Non poderá imputarse a este subconcepto ningún tipo de retribución, en metálico ou en especie, ao persoal dependente da UDC ou alleo, calquera que for a forma da dependencia ou relación que se estableza.

Non se imputarán a este subconcepto, con carácter xeral, gastos que correspondan a actividades exclusivas do ámbito interno da UDC e que non redunden de forma clara e evidente nun beneficio ou nunha utilidade para esta universidade.

– **Subconcepto 226.02. Información, divulgación e publicidade**

Pagamentos relacionados coa publicidade xenérica da UDC nos medios informativos e en boletíns oficiais, guías e dípticos, así como a compra de obxectos destinados a divulgar a imaxe da UDC (carpetas, bolígrafos, lapis, calcapapeis etc.) e outros similares.

– **Subconcepto 226.03. Xurídicos, contenciosos**

- Gastos motivados por litixios, actuacións ou procedementos en que a UDC sexa parte.
- Gastos polas indemnizacións que a UDC teña que satisfacer como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos, sempre que pola súa natureza non teñan que imputarse ao concepto orzamentario correspondente.

- **Partida 226.03.01. Sancións**

– **Subconcepto 226.04. Formación e perfeccionamento do persoal**

Gastos de inscrición en cursos e de contratación de formadores externos que non estean incluídos no Plan de formación (de estalo corresponderán ao capítulo 1, subconcepto 162).

– **Subconcepto 226.05. Relacións institucionais**

- Gastos relacionados coa representación da UDC como institución: nomeamento de doutores *honoris causa*, apertura de curso, presenza da UDC en feiras e certames, asistencia a reunións en representación da UDC, fotografías de actos universitarios e calquera outro gasto derivado de actividades deste tipo.

- **Partida 226.05.01**

Cotas e inscricións da UDC e os membros do equipo de goberno, por razón do cargo, en institución públicas e privadas

- **Partida 226.05.02**

Cotas e inscricións da UDC en institucións públicas e privadas que non estean comprendidas no subconcepto 226.05.01.

Non poderán aboarse as cotas nin as inscricións a sociedades científicas ou similares.

- **Subconcepto 226.06. Reunións, conferencias, e cursos**

- Gastos da organización e realización por parte da UDC de conferencias, asembleas, congresos, simposios, seminarios, convencións e reunións análogas, no territorio nacional ou no estranxeiro. Poden incluírse os pagamentos aos relatores polas súas intervencións, así como os gastos de viaxe e estadía destes, se así fose pactado. Tamén se poden imputar o alugamento de salas e a contratación de tradutores, azafatas e comidas de asistentes, sempre que fosen presupostados e se inclúan nos programas.

- Gastos derivados das reunións ou grupos de traballo necesarios para o funcionamento normal da UDC e que esta universidade organice. Poden incluírse os gastos derivados do alugamento de salas e a contratación de tradutores e azafatas.

- Gastos orixinados pola realización de cursos e seminarios organizados pola UDC que teñan lugar ao abeiro da normativa de organización de cursos. Comprenden os gastos relativos a material e unidades didácticas.

- Gastos debidos ás achegas da UDC a cursos, congresos, seminarios etc., que se levan a cabo xeralmente mediante convenios en virtude dos cales a UDC está na obriga de satisfacer unha cantidade e obtén como contrapartida que en todos os medios de comunicación se faga mención da súa participación; que apareza o seu logotipo; que se faga entrega dunha memoria ou dun informe, ou dun número determinado de exemplares da edición realizada etc. Poden incluírse tamén os gastos de estadía e transporte do persoal convidado alleo á UDC.

- Gastos de inscrición do persoal de administración e servizos da UDC que por razón do seu cargo ou posto teña que participar en xornadas, congresos ou actividades formativas necesarias e imprescindibles para o desenvolvemento do seu traballo. Antes dos trámites de inscrición será necesario obter o informe positivo da Comisión de Formación. Non obstante, no caso de que o prazo da convocatoria non permita cumprir este requisito, darase conta da inscrición á Comisión de Formación con posterioridade.

Os pagamentos ao persoal propio da UDC deberán imputarse ao capítulo 1.

Os gastos de transporte, restaurante e hotel só poden imputarse a este subconcepto cando non se poida facelo ao artigo 23 (indemnización por razón do servizo) e estean ocasionados, principalmente, pola realización de reunións e conferencias. No caso do persoal propio e o persoal alleo en comisión de servizos, estes gastos imputaranse ao artigo 23.

- **Subconcepto 226.07. Oposicións, probas selectivas e procesos electorais**

- **Partida 226.07.01. Oposicións e probas selectivas**

Todos os gastos ocasionados con motivo da execución de probas selectivas e oposicións, agás os concernentes a axudas de custo e asistencia a tribunais, que se imputarán ao artigo 23 (indemnizacións por razón de servizo).

- **Partida 226.07.02. Procesos electorais**

Todo tipo de gastos derivados da posta en marcha de procesos electorais, salvo que se encarguen deles outras empresas ou profesionais externos, caso en que se imputarán ao concepto 227.05 (procesos electorais).



– **Subconcepto 226.09. Actividades culturais, deportivas e outras**

Este subconcepto ten carácter instrumental, polo que non poderá imputárselle ningún gasto directamente. Estará vinculado a un código orgánico específico para as actividades socioculturais e deportivas, e será necesario redistribuír o crédito de acordo coa natureza do gasto.

Os gastos que poden financiarse son os derivados da realización de actividades culturais, deportivas e outras e os desenvolvidos en accións de extensión sociocultural da UDC, así como os motivados con ocasión da execución de actividades específicas de deportes.

Inclúense os gastos directamente relacionados coas actividades deportivas dos universitarios na participación en competicións, e aqueles que se produzan co gallo de actividades deportivas dirixidas a toda a comunidade universitaria.

Abrangue así mesmo aqueles gastos dos alumnos e as asociacións de estudantes que a UDC financia: viaxes de estudos, realización de festivais e certames etc.

• **Partida 226.09.01. Viaxes formación alumnado**

Este subconcepto ten carácter instrumental, polo que non poderá imputárselle ningún gasto directamente. Estará vinculado a un código orgánico específico para as viaxes de formación, e será necesario redistribuír o crédito de acordo coa natureza do gasto.

– **Subconcepto 226.99. Outros gastos diversos**

Aqueles gastos que non estean incluídos nos subconceptos anteriores.

**Concepto 227. Traballos realizados por outras empresas e profesionais**

Englobará aqueles gastos que correspondan a actividades que, sendo da competencia da UDC, se executen mediante contrato con empresas externas ou profesionais independentes.

Igualmente abranguerá os gastos derivados do mantemento ou a conservación de calquera elemento que teña subscrito un contrato de prestación de servizos, aínda que as subministracións necesarias para tal mantemento non se atopen recollidas no dito contrato.

– **Subconcepto 227.00. Limpeza e aseo**

Gastos desta natureza e os consumibles pertinentes, aínda que non estean incluídos na prestación do servizo, incluídos os gastos de recollida de lixo e residuos que non necesiten tratamento específico.

– **Subconcepto 227.01. Seguridade e vixilancia**

Gastos desta natureza.

– **Subconcepto 227.02. Valoracións e peritaxes**

Gastos derivados de traballos de valoración e peritaxes que non sexan imputables a proxectos de investimento.

– **Subconcepto 227.03. Paquetaría, mensaxaría**

Servizos contratados pola UDC para o envío de correspondencia, paquetería e valixa de correo A Coruña-Ferrol.

– **Subconcepto 227.04. Xardinaría**

Servizos de xardinaría contratados pola UDC.

– **Subconcepto 227.05. Procesos electorais**

Gastos ocasionados polo desenvolvemento de procesos electorais.



– **Subconcepto 227.06. Estudos e traballos técnicos**

Gastos de estudo, traballos técnicos e de laboratorio, informes e traballos estatísticos ou doutro carácter que se deriven de tarefas encomendadas a empresas especializadas, profesionais independentes ou expertos, sempre que non sexan aplicados a plans, programas, anteprojectos e projectos de investimento, xa que neste caso figurarán no capítulo 6.

– **Subconcepto 227.07. Mantemento**

Gastos con carácter periódico para o mantemento de edificios, instalacións ou equipamentos.

– **Subconcepto 227.99. Outros**

### **Artigo 23. Indemnizacións por razóns do servizo**

---

Trátase de gastos en que incorre o persoal propio ou alleo por razón dunha comisión de servizos, e que, segundo a lexislación en vigor, deben ser satisfeitos a cargos e asimilados, funcionarios, persoal laboral fixo e eventual, outro persoal e alumnos.

Imputaranse a este concepto as indemnizacións regulamentarias por asistencia a tribunais e órganos colexiados, e, en xeral, por asistencia do persoal a reunións, consellos, comisións e xuntanzas doutros órganos colexiados.

Nos subconceptos 230.11 e 231.11 imputaranse respectivamente as axudas de custo e os gastos de viaxe do persoal alleo vinculado a outras administracións públicas (persoal funcionario ou laboral do cadro de persoal da administración de procedencia), sempre e cando na súa administración de orixe teñan dereito a ser indemnizados por razón do servizo, de acordo coa normativa reguladora.

A compensación de gastos de viaxe, aloxamento e manutención de persoal alleo financiado con cargo ao capítulo VI (proxectos de investigación, 649.02; convenios e contratos, 640.00; e fondos de investigación, 649.00) imputarase a económica que corresponda en función da natureza do gasto (estas económicas están xa abertas en Universitas XXI-Económico).

### **Concepto 230. Axudas de custo**

Obrigas contraídas polo persoal por razón do servizo en concepto de gastos de manutención e aloxamento.

– **Subconcepto 230.00. Axudas de custo**

Obrigas contraídas polo persoal por razón do servizo en concepto de gastos de manutención e aloxamento (comisión de servizos), así como asistencias a tribunais de selección de persoal.

– **Subconcepto 230.01. Axudas de custo PAS funcionario**

– **Subconcepto 230.02. Axudas de custo PAS laboral**

– **Subconcepto 230.03. Axudas de custo por impartición de docencia**

– **Subconcepto 230.05. Axudas de custo eleccións**

– **Subconcepto 230.07. Axudas de custo PDI funcionario**

– **Subconcepto 230.08. Axudas de custo PDI laboral**

– **Subconcepto 230.09. Axudas de custo membros Consello Social (non representantes da UDC)**

– **Subconcepto 230.10. Axudas de custo estudantes**

– **Subconcepto 230.11. Axudas de custo persoas alleas á UDC**



### **Concepto 231. Gastos de viaxe**

Obrigas contraídas polo persoal por razón do servizo en concepto de gastos de viaxe.

- **Subconcepto 231.01. Gastos de viaxe PAS funcionario**
- **Subconcepto 231.02. Gastos de viaxe PAS laboral**
- **Subconcepto 231.07. Gastos de viaxe PDI funcionario**
- **Subconcepto 231.08. Gastos de viaxe PDI laboral**
- **Subconcepto 231.09. Gastos de viaxe membros Consello Social (non representantes da UDC)**
- **Subconcepto 231.10. Gastos de viaxe estudantes**
- **Subconcepto 231.11. Gastos de viaxe persoas alleas á UDC**

### **Concepto 232. Traslados**

Incluiranse os gastos desta natureza de acordo co establecido na normativa en materia de indemnizacións por razón do servizo.

### **Concepto 233. Outras indemnizacións**

Comprenderá, entre outros gastos, os relativos á asistencia a reunións de órganos colexiados, a asistencia pola participación en tribunais de selección de persoal, a asistencia pola participación en comisións de avaliación, realización de avaliacións etc., sempre que unha norma así o dispoña.

- **Subconcepto 233.00. Asistencias**
- **Subconcepto 233.01. Prazas PAS**
  - **Partida 233.01.01. Axudas de custo tribunais prazas PAS**
  - **Partida 233.01.02. Gastos de viaxe tribunais prazas PAS**
- **Subconcepto 233.02. Prazas PDI**
  - **Partida 233.02.01. Axudas de custo tribunais prazas PDI**
  - **Partida 233.02.02. Gastos de viaxe tribunais prazas PDI**
- **Subconcepto 233.03. Teses de doutoramento**
  - **Partida 233.03.01. Axudas de custo tribunais teses de doutoramento**
  - **Partida 233.03.02. Gastos de viaxe tribunais teses de doutoramento**
- **Subconcepto 233.05. Asistencias a órganos colexiados**
  - **Partida 233.05.01. Asistencias a órganos colexiados PDI funcionario**
  - **Partida 233.05.02. Asistencias a órganos colexiados PDI laboral**
  - **Partida 233.05.03. Asistencias a órganos colexiados PAS**

### **Artigo 24. Gastos de publicacións**

---

Pagamentos motivados pola edición e a distribución de publicacións, segundo un plan elaborado polo Servizo de Publicacións.

No caso de que a actividade se faga con medios propios, os diferentes gastos imputaranse aos conceptos económicos correspondentes.

- **Subconcepto 240.00 Gastos de edición e distribución**

### Capítulo 3. Gastos financeiros

- a) Carga financeira por intereses de todo tipo de débeda contraída e débedas emitidas pola UDC, tanto en moeda nacional como en moeda estranxeira, calquera que for a forma en que se atopen representadas.
- b) Gastos de emisión, modificación e cancelación das débedas antes indicadas.
- c) Carga financeira por intereses de todo tipo de depósitos e fianzas recibidas.
- d) Outros gastos implícitos e diferenzas de cambio.
- e) Xuros de mora, de fianza e outros gastos financeiros.

#### Artigo 31. De préstamos en moeda nacional

---

Intereses de todo tipo de préstamos contraídos en moeda nacional, así como os rendementos implícitos e os gastos derivados de calquera operación relacionada con eles.

##### a) Concepto 310. Xuros

Intereses de préstamos recibidos en moeda nacional a curto e a longo prazo.

- **Subconcepto 310.00. A curto prazo**

Intereses de préstamos recibidos en moeda nacional a curto prazo (menor ou igual a un ano).

- **Subconcepto 310.01. A longo prazo**

Intereses de préstamos recibidos en moeda nacional a longo prazo.

##### Concepto 311. Gastos de emisión, modificación e cancelación

Gastos e comisións necesarios para levar a efecto as operacións recollidas na denominación do concepto con relación a préstamos recibidos en moeda nacional. Inclúense, entre outros, os gastos de corretaxe e comisión de apertura de pólizas de crédito e préstamos en moeda nacional.

##### Concepto 319. Outros gastos financeiros

Gastos implícitos de préstamos en moeda nacional e calquera outro gasto financeiro que non se poida clasificar noutro concepto deste artigo.

- **Subconcepto 319.00. A curto prazo**

Rendementos implícitos de préstamos en moeda nacional e calquera outro gasto financeiro que non se poida clasificar noutro concepto deste artigo a curto prazo.

- **Subconcepto 319.01. A longo prazo**

Rendementos implícitos de préstamos en moeda nacional e calquera outro gasto financeiro que non se poida clasificar noutro concepto deste artigo a longo prazo.

#### Artigo 34. De depósitos e fianzas

---

##### Concepto 341. Xuros de fianzas

Xuros legalmente estipulados que deban satisfacerse polas fianzas efectuadas polos diversos axentes nas caixas do Estado, organismos autónomos, axencias estatais e outros organismos públicos.

- **Subconcepto 341.00 Xuros de fianzas**

#### Artigo 35. Xuros de mora e outros gastos financeiros

---



**Concepto 352. Xuros de mora**

Intereses de mora que teña que satisfacer a UDC como resultado do incumprimento do pagamento de obrigas nos prazos establecidos.

**Concepto 359. Outros gastos financeiros**

Gastos desta natureza que non teñan cabida nos conceptos antes definidos, tales como gastos por transferencia bancaria e gastos de descontos e diferenzas de cambio como consecuencia de pagamentos en moeda estranxeira, que non se deriven de operacións de endebedamento.

- **Subconcepto 359.00. Gastos e comisións bancarias**
- **Subconcepto 359.01. Outras diferenzas negativas de cambio**
- **Subconcepto 359.09. Outros gastos financeiros**

**Capítulo 4. Transferencias correntes**

Créditos destinados a facer pagamentos, condicionados ou non, realizados pola UDC sen contrapartida directa dos axentes receptores, cando se destinen a financiar operacións correntes.

Englóbanse tamén neste capítulo as subvencións en especie de carácter corrente, referidas a bens ou servizos que adquira a UDC para a súa entrega aos beneficiarios oportunos en concepto dunha subvención xa concedida. Terá que imputarse ao artigo correspondente segundo quen sexa o destinatario da dita subvención.

Inclúense tamén as prestacións sociais, que comprenden as pensións a funcionarios e familias.

Todos os artigos deste capítulo desagregaranse a nivel de concepto para indicar quen é o axente receptor e/ou cal é a finalidade da transferencia.

Non se incluírán as achegas que supoñan a adquisición de activos financeiros, que se imputarán ao capítulo 8.

**Artigo 40. Á Administración xeral do Estado**

Transferencias que a UDC faga á Administración xeral do Estado para financiar operacións correntes desta, os seus organismos, as súas sociedades, os seus entes ou as empresas dependentes.

**Artigo 41. A organismos autónomos**

Transferencias correntes que a UDC outorgue a organismos autónomos.

**Artigo 43. A axencias estatais e outros organismos públicos**

Transferencias correntes que a UDC outorgue a axencias estatais e outros organismos públicos.

**Artigo 44. A sociedades, entidades públicas empresariais, fundacións e o resto de entes do sector público**

Transferencias que os distintos axentes poidan realizar a sociedades mercantís, entidades públicas empresariais, fundacións e outros entes do sector público.

Incluíranse as transferencias que se efectúen a organizacións temporais integradas por entidades tanto de ámbito público como privado, sempre que exista unha participación maioritaria do sector público.

Tamén se incluírán as transferencias a entidades do sector público en que a participación da UDC, sen ser maioritaria, sexa igual ou superior á das outras administracións.

Transferencias correntes para gastos correntes e de funcionamento.

**Concepto 440. A sociedades mercantís públicas****Concepto 441. A consorcios****Concepto 442. A fundacións públicas****Concepto 443. A universidades públicas****Concepto 444. A outras entidades públicas****Artigo 45. Ás comunidades autónomas**

---

**Concepto 450. á Comunidade Autónoma de Galicia**

- Subconcepto 450.00. Á Comunidade Autónoma de Galicia
- Subconcepto 450.01. A organismos e entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia

**Concepto 451. A outras comunidades autónomas****Artigo 46. A corporacións locais**

---

Transferencias correntes que a UDC realice ás corporacións locais ou os seus organismos, entes ou empresas dependentes.

**Concepto 460. A deputacións e cabidos insulares****Concepto 461. A concellos****Concepto 462. A consorcios**

Transferencias correntes que a UDC faga aos diferentes consorcios con participación maioritaria das corporacións locais.

**Artigo 47. A empresas privadas**

---

**Artigo 48. A familias e institucións sen fins de lucro**

---

Toda clase de auxilios; axudas; bolsas; doazóns; premios literarios, artísticos ou científicos non inventariables que a UDC outorgue a entidades sen fins de lucro (fundacións, institucións, entidades benéficas ou deportivas) e familias.

Cantidades destinadas aos gastos relacionados coas saídas programadas do persoal da UDC ao exterior, tales como os de transporte e comida.

De forma xeral, enténdese como bolsa a cantidade ou o beneficio económico que se lle concede a unha persoa en concorrencia pública competitiva, atendendo ás súas circunstancias socioeconómicas ou curriculares, por unha actividade cuxa realización debe xustificarse, vinculada ao estudo e a formación.

Enténdese como axuda a cantidade ou o beneficio económico que se concede, en concorrencia pública competitiva, para un fin concreto que comporta unha utilidade pública, un interese social ou a promoción dunha finalidade pública, sempre que se xustifiquen a realización da actividade e os gastos en que se incorreu. Exclúense desta consideración de concorrencia competitiva as axudas directas e as consignadas nominativamente no orzamento.

**Concepto 480. Bolsas e axudas a estudantes**

- Subconcepto 480.00. Bolsas
- Subconcepto 480.01. Axudas
- Subconcepto 480.02. Premios



### Concepto 481. Bolsas e axudas a persoal docente investigador (PDI)

- Subconcepto 481.00. Bolsas
  - Subconcepto 481.01. Axudas
  - Subconcepto 481.02. Premios
- ### Concepto 482. Bolsas e axudas a persoal de administración e servizos (PAS)
- Subconcepto 482.00. Bolsas
  - Subconcepto 482.01. Axudas
  - Subconcepto 482.02. Premios

## FONDO DE CONTINXENCIA

### Capítulo 5. Fondos de continxencia de execución orzamentaria e outros imprevistos

#### Artigo 50. Dotación ao fondo de continxencia de execución orzamentaria

Comprende a dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refiren o artigo 31 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade, e o artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Non poden imputarse gastos con cargo ao dito fondo.

#### Concepto 500. Fondo de continxencia de execución orzamentaria

## OPERACIÓNS DE CAPITAL

### Capítulo 6. Investimentos reais

Este capítulo engloba os gastos directamente levados a cabo pola UDC que se destinan á creación ou á adquisición de bens de capital, así como aqueles cuxa finalidade é a compra de bens dos natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos servizos, ademais doutros gastos de natureza inmaterial que teñan carácter amortizable.

Como norma xeral, as grandes reparacións que supoñan un incremento da produtividade, o rendemento, a eficiencia ou a vida útil dun ben imputaranse ao capítulo 6.

- a) O inmovilizado material estará constituído polo conxunto de elementos patrimoniais tanxibles, mobles e inmoebles, que teñan natureza amortizable e unha vida útil que transcenda a duración dun exercicio económico, incluídos os terreos que deban rexistrarse en calquera tipo de inventario.
- b) O inmovilizado inmaterial concrétese no conxunto de bens intanxibles e dereitos susceptibles de valoración económica e de ser incluídos en calquera tipo de inventario, cando teñan carácter de amortizables, sexan permanentes no tempo, sexan utilizados na produción de bens ou servizos ou constitúan unha fonte de recursos para a UDC.

En particular, para imputar gastos a este capítulo, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) O custo dos bens integrará os gastos inherentes á transmisión da propiedade e os derivados da incorporación doutros bens e servizos aos correspondentes bens principais. Entenderase como servizos aqueles que fan posible a incorporación do inmovilizado ao patrimonio da UDC.
- b) Así mesmo, incluíranse os gastos relacionados directamente con investimentos, tales como os relativos a revisións de prezos; impostos que graven as importacións de bens de capital; gastos de transporte, entrega e instalación de maquinaria e equipamento; gastos preliminares de deslindamentos, honorarios pola redacción de proxectos, peritaxes etc. Tamén os gastos derivados de traballos realizados por empresas ou profesionais alleos que se consideren imprescindibles para executar o correspondente investimento.



c) En obras ou construcións acometidas directamente pola UDC incluíranse os materiais, bens, servizos e, en xeral, todos aqueles gastos que se produzan e que sexan necesarios para a execución da obra, sempre que non sexan realizados por persoal retribuído con cargo ao capítulo 1.

d) Os intereses de demora, polo atraso no pagamento de obrigas contraídas pola UDC a consecuencia dos investimentos emprendidos, rexistraranse como un maior prezo de adquisición polas contías devindicadas até a expedición da acta ou o certificado de recepción do investimento, nos termos previstos na lexislación vixente. Os intereses de demora devindicados a partir do momento citado contabilizaranse como gastos financeiros do exercicio e serán imputables, por tanto, ao capítulo 3.

e) Os gastos concertados baixo a modalidade de *leasing* imputaranse ao artigo 64 cando dos termos do expediente administrativo de contratación ou das condicións do contrato de arrendamento financeiro se deduza a vontade de exercer a opción de compra. Os intereses da operación imputaranse ao concepto 359 (gastos financeiros).

### **Artigo 60. Investimento novo en infraestrutura e bens destinados para o uso xeral**

---

Este artigo abrangue aqueles investimentos en infraestruturas e bens destinados para o uso xeral que incrementen o stock de capital público da UDC.

#### **Concepto 600. Investimentos en terreos e bens naturais**

##### **– Subconcepto 600.00. De uso xeral**

- Solares de natureza urbana, fincas rústicas e outros terreos non urbanos, minas e canteiras destinadas ao uso xeral, vías pecuarias, montes de utilización pública etc.
- Investimentos na construción de bens destinados ao uso xeral ou de infraestruturas de calquera clase, tales como estradas, camiños, rúas, prazas, diques, accesos marítimos, pontes, mobiliario urbano e demais obras de aproveitamento ou uso xeral.

##### **– Subconcepto 600.01. Patrimoniais**

Soares de natureza urbana, fincas rústicas, outros terreos non urbanos, reservas e coutos de caza, minas e canteiras.

### **Artigo 61. Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados a uso xeral**

---

Recole os investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral que teñan como finalidade manter e repoñer os bens deteriorados, de forma que poidan seguir sendo empregados para cumprir a finalidade a que estaban destinados. Trátase de prorrogar a vida útil do ben ou poñer este nun estado de uso que aumente a eficacia na cobertura das necesidades derivadas da prestación do servizo.

#### **Concepto 610. Investimentos en terreos**

Inclúense, alén dos indicados no artigo, os gastos en concepto de asistencia, axudas de custo e viaxe orixinados polo funcionamento dos xurados de expropiación que forman parte do custo da expropiación.

– As derramas dos gastos de urbanización que os distintos axentes deban satisfacer como titulares dos terreos afectados.

##### **– Subconcepto 610.00. Investimentos en terreos**

### **Artigo 62. Investimento asociado ao funcionamento operativo dos servizos**

---

Recole proxectos de investimento destinados ao funcionamento interno da UDC coa finalidade de adquirir e/ou construír toda clase de edificios, maquinaria, elementos de transporte, mobiliario e avíos, equipos para procesos de información e activos materiais en xeral.

#### **Concepto 622. Edificios e outras construcións**

Inclúe a compra e a construción de edificios en xeral, calquera que for o seu destino: edificios administrativos; residencias; refuxios; viveiros; cortellos; locais deportivos (pistas, piscinas etc.); salas de espectáculos; museos; almacéns e outros locais comerciais, así como os equipos fixos e estruturais a eles asociados. As reformas e melloras das instalacións dos edificios que incrementen o seu valor asociaranse a cada edificio concreto.

### **Concepto 623. Maquinaria, instalacións e utensilios**

#### **– Maquinaria**

Adquisición das máquinas con que se faga a extracción, a elaboración ou o tratamento dos produtos que se empregan para a prestación de servizos que son necesarios para o desenvolvemento de actividades produtivas da UDC.

Inclúense aqueles elementos de transporte interno que se destinan ao traslado de persoal, materiais ou mercadorías dentro da propia UDC, en talleres etc. sen saír ao exterior.

#### **– Instalacións**

Unidades complexas de uso especializado que comprenden: edificacións, maquinaria, material, pezas ou elementos, incluídos os sistemas informáticos que, malia pola súa natureza seren separables, están ligados dun xeito definitivo para o seu funcionamento e están sometidos ao mesmo ritmo de amortización. Inclúense así mesmo os repostos e recambios válidos exclusivamente para este tipo de instalacións.

#### **– Utensilios**

Compra de utensilios ou ferramentas que se poidan empregar de xeito autónomo ou xunto con maquinaria, incluídos os moldes ou modelos.

### **Concepto 624. Elementos de transporte**

Adquisición de vehículos de todas as clases de uso para transporte terrestre, marítimo ou aéreo, de persoas, animais ou mercadorías.

### **Concepto 625. Mobiliario e avíos**

Adquisición de mobles e equipos de oficina, agás os que se teñan que imputar ao concepto 626.

### **Concepto 626. Sistemas para procesos de información**

Adquisición de equipos de procesamento de datos, unidades centrais, dispositivos auxiliares de memoria, monitores, impresoras e unidades para a transmisión ou recepción de información. Igualmente, adquisición ou desenvolvemento de utilidades ou complementos para a explotación dos ditos equipos, sistemas operativos, achegas de xestión de bases de datos e calquera outra clase de equipos informáticos e software.

### **Concepto 628. Outro inmovilizado**

#### **– Subconcepto 628.00. Adquisición de fondos bibliográficos**

Con cargo a este subconcepto poderán adquirirse, libros, publicacións periódicas impresas e coleccións bibliográficas dixitais (libros e revistas electrónicas), textos científicos e académicos. Tamén programas informáticos e materiais audiovisuais destinados á docencia, logo do cambio de programa de gasto.

#### **– Subconcepto 628.01. Préstamo interbibliotecario**

#### **– Subconcepto 628.02. Subscrición a revistas**

#### **– Subconcepto 628.03. Publicacións, revistas etc.**

### **Artigo 63. Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos**

---

Recolle proxectos de investimento destinados ao funcionamento interno da UDC, coa finalidade de manter ou repoñer bens deteriorados, de forma que poidan seguir sendo usados para cumprir a finalidade a que estaban destinados.

Trátase, dun lado, de prorrogar a vida útil do ben ou poñelo nun estado de uso que aumente a eficacia na cobertura das necesidades derivadas da prestación do servizo; e, do outro, de repoñer os bens afectos ao servizo que deviñesen inútiles para a prestación deste como resultado do seu uso normal.

Exceptúanse as reformas e melloras das instalacións dos edificios recollidas no artigo 62 (investimento asociado ao funcionamento operativo dos servizos).

#### **– Subconcepto 630. Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos**

Imputaranse a este concepto os mesmos gastos indicados para o concepto 620, sempre que se trate da substitución dos bens existentes por outros análogos.

Efectuarase a desagregación que corresponda en función da natureza do gasto.

### **Artigo 64. Gastos en investimentos de carácter inmaterial**

---

Gastos realizados nun exercicio que non se materializaron en activos, susceptibles de producir os seus efectos en varios exercicios futuros, como por exemplo os ocasionados por campañas de promoción do turismo, feiras, exposicións, estudos e traballos técnicos, investigación etc. Así mesmo, aqueles investimentos en activos inmovilizados intanxibles, tales como concesións administrativas, propiedade industrial, propiedade intelectual, gastos de investigación, gastos de desenvolvemento etc. Imputaranse tamén a esta rúbrica os gastos de formación en mantemento do catastro inmobiliario; os gastos de actualización e revisión do inventario xeral de bens da UDC; e as campañas de concienciación social, de información e sensibilización sobre a situación medioambiental, a prevención de accidentes, as condutas saudables etc.

Igualmente este artigo abrangue os gastos de convenios desagregados nas partidas económicas que correspondan, en función da natureza do gasto.

Inclúese o importe satisfeito pola propiedade ou o dereito de uso de programas informáticos se está prevista a súa utilización en varios exercicios, sempre que non se atopen integrados nun equipo e, daquela, non sexan susceptibles de ser englobados no artigo 62

Inclúense os contratos de *leasing* nos termos establecidos neste capítulo.

Incluiranse tamén neste artigo os gastos vinculados á I+D+i.

As contías que corresponda reintegrar tras a execución de proxectos, convenios e contratos de investigación imputaranse a orgánica aberta para o proxecto, convenio ou contrato e a unha económica específica, en función da natureza do gasto (denominada reintegros). Os intereses financiaranse con cargo ao capítulo 3.

#### **Concepto 640. Gastos en investimentos de carácter inmaterial**

Comprende os gastos de natureza inmaterial.

##### **– Subconcepto 640.00. Convenios de colaboración e contratos**

Imputaranse os gastos de convenios e contratos (contratos do artigo 83 da LOU) sempre que se executen na UDC.

De ser o caso, este subconcepto abranguerá tamén as achegas que faga a UDC para completar o financiamento dos convenios e contratos formalizados con outras entidades.



No caso dos convenios, a transferencia de crédito a outras entidades deberá constar nos capítulos IV ou VII, dependendo da natureza do gasto.

Os créditos correspondentes á contratación laboral temporal con cargo a programas de recursos humanos de investigación deberán codificarse identificando na orgánica o código que corresponde aos programas de recursos humanos e ao financiamento recibido (Estado, Xunta, etc).

- **Partida 640.00.00. Contratación de persoal con cargo a convenios**
- **Partida 640.00.03. Complementos salariais**
- **Partida 640.00.04. Gastos varios**
- **Partida 640.00.05. Material funxible, excepto material de laboratorio**
- **Partida 640.00.06. Material funxible de laboratorio**
- **Partida 640.00.07. Dereito de uso de infraestrutura científica**
- **Partida 640.00.10. Gastos de viaxe de convenios e contratos**
- **Partida 640.00.11. Gastos de aloxamento de convenios e contratos**
- **Partida 640.00.12. Gastos de manutención de convenios e contratos**
- **Partida 640.00.13. Compensación de gastos de viaxe**
- **Partida 640.00.14. Compensación de gastos de aloxamento**
- **Partida 640.00.15. Compensación de gastos de manutención**
- **Partida 640.00.77. Compensación de créditos SAI**
- **Partida 640.00.88. Compensación de créditos iniciais e incorporacións**
- **Partida 640.00.99. Compensación de créditos non xustificadas**
- **Subconcepto 640.01. Contratos de persoal con cargo a programas de recursos humanos**
- **Subconcepto 640.05. Fondo infraestruturas UDC**
  - **Partida 640.05.02. Fondo infraestruturas SAI**
- **Subconcepto 640.06. Rexistro de dominios**
- **Subconcepto 640.07. Licenzas de software**

Inclúe o importe satisfeito pola propiedade ou o dereito de uso de programas informáticos, cando estea previsto o seu uso en varios exercicios, sempre que non estean integrados nun equipo e, por tanto, non sexan susceptibles de ser englobados no concepto 620.

- **Subconcepto 640.88. Contratos de *leasing***

Inclúense os gastos concertados baixo a modalidade de *leasing* cando dos termos do expediente administrativo de contratación ou das condicións do contrato de arrendamento financeiro se deduza a vontade de exercer a opción de compra. Os intereses da operación imputaranse ao capítulo 3 (gastos financeiros).

- **Subconcepto 640.99. Outros investimentos de carácter inmaterial**



### Concepto 649. Fondos de investigación

Son aqueles que serven para financiar programas e actividades de investigación limitados no tempo, pero que non cobren gastos xerais nin os gastos indirectos que se poidan derivar deles. Os fondos de investigación son sempre descontinuos e finalistas.

#### – Subconcepto 649.00. Fondos de investigación da universidade

Aboamento dos gastos de departamentos, grupos de investigación, unidades de investigación e investigadores individuais polo desprazamento, a manutención e a estadía de persoas que participen en actividades que se consideren necesarias para a investigación. Inclúe os custos derivados da asistencia a cursos, congresos, feiras, exposicións etc; e os derivados de estudos e traballos técnicos relativos á investigación. Financiarase con cargo a este crédito, logo da correspondente modificación orzamentaria, a adquisición de todo tipo de bens inventariables.

Igualmente poderán imputarse os gastos correntes necesarios para levar a cabo a investigación, como as adquisicións de bens funxibles para os laboratorios ou de repostos para máquinas dos laboratorios, e a adquisición de material funxible tanto para os laboratorios como para o funcionamento dos grupos. Este subconcepto tamén poderá abranguer os gastos da compra de programas informáticos e fondos bibliográficos, que deberán imputarse a económica que corresponda, en función da natureza do gasto.

- Partida 649.00.04. Gastos varios dos fondos de investigación
- Partida 649.00.05. Material funxible dos fondos investigación, excepto material de laboratorio
- Partida 649.00.06. Material funxible de laboratorio. Fondos investigación
- Partida 649.00.07. Patentes dos fondos investigación
- Partida 649.00.10. Gastos de viaxe
- Partida 649.00.11. Gastos de aloxamento
- Partida 649.00.12. Gastos de manutención
- Partida 649.00.13. Compensación de gastos de viaxe
- Partida 649.00.14. Compensación de gastos de aloxamento
- Partida 649.00.15. Compensación de gastos de manutención
- Partida 649.00.77. Compensación de créditos SAI

#### – Subconcepto 649.02. Proxectos de investigación

- Partida 649.02.00. Persoal
- Partida 649.02.03. Complementos salariais
- Partida 649.02.04. Outros gastos
- Partida 649.02.05. Material funxible, excepto material de laboratorio
- Partida 649.02.06. Material funxible de laboratorio
- Partida 649.02.07. Patentes de proxecto de investigación
- Partida 649.02.09. Custos indirectos (IP)
- Partida 649.02.10. Gastos de viaxe
- Partida 649.02.11. Gastos de aloxamento





- Partida 649.02.12. Gastos de manutención
  - Partida 649.02.13. Compensación de gastos de viaxe
  - Partida 649.02.14. Compensación de gastos de aloxamento
  - Partida 649.02.15. Compensación de gastos de manutención
  - Partida 649.02.77. Compensación de créditos SAI
- Subconcepto 649.10. Fondos financiamento a grupos de investigación